

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NOELIA NÚÑEZ IGLESIAS

CEP PLURILINGÜE DE CARREIRA

CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos diferentes escenarios.....	4
3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.	5
4. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas.	9
5. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.	10
6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada.	47
7. Concrecións metodolóxicas da materia.....	97
8. Materiais e recursos didácticos.....	99
9. Avaliación: criterios de cualificación e promoción do alumnado.	99
9.1. Criterios de cualificación e de promoción	100
9.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	102
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	102
11. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.	104
12. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.	105
13. Actividades complementarias e extraescolares.	106
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.	107

1. Introducción e contextualización

O documento que se presenta corresponde á programación docente das áreas de ciencias sociais, ciencias naturais, matemáticas, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura deseñada para os alumnos e alumnas do primeiro e segundo curso de educación primaria do CEP Plurilingüe de Carreira.

O CEP Plurilingüe de Carreira é un centro público, situado nun entorno rural do concello de Ribeira. O desenvolvemento económico da poboación baséase no sector servizos, hostalaría, pesca, industria conserveira e agricultura. O desemprego xuvenil presenta uns índices elevados e a actividade económica do contorno é xeralmente media-baixa. A predominancia lingüística do entorno é a castelán falante.

O centro consta dun edificio de dúas plantas entre as que se distribúen as diversas instalacións educativas.

A xornada lectiva do centro é continua, en horario de mañá de 09:00 a 14:00 h.

O grupo de 1º e 2º está formado por 13 nenos/as moi dinámicos e activos cun gran interese polo mundo que os rodea. En canto ás características psico-sociais do alumnado cabe destacar que é un grupo bastante heteroxéneo, tendo en conta a diversidade propia dunha aula de primeiro na que se presentan diferenzas no nivel de adquisición das competencias clave.

O profesorado que imparte docencia neste grupo é o seguinte:

- Titora: Noelia Núñez Iglesias
- Especialista de música: Manuel Casabielle Sáez.
- Especialista de inglés: Dolores Sampedro Ageitos/ Martín Vedia
- Especialista de educación física: Uxía Muñiz Quintela /Carlos Otero de la Cuétara.
- Especialista de relixión católica: Juana Mª Mariño Basoco
- Especialista en audición e linguaxe: José Luis Campaña Parada
- Especialista en pedagogía terapéutica: Tamara Moscoso Rodríguez

Este documento recolle todos os aspectos relacionados co procesos educativos que se levarán a cabo durante o curso 2020/2021.

Para o deseño desta programación empregáronse os seguintes documentos que actúan como bases lexislativas:

- **Lei Órgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa
- **Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro**, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, no que desenvolve os aspectos do mesmo en atención á nova configuración do currículo.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se concreta para este centro por medio do Proxecto Educativo e a súa vez para esta aula por medio desta proposta.

- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.
- **Orde do 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación Primaria.
- **Orde do 20 de xuño de 2019** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19** nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2020/2021 (Actualización: 22 de setembro de 2020)
- **PXA.**

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos diferentes escenarios.

Debido a situación derivada pola crise sanitaria provocada pola COVID- 19, e tendo en conta o recollido no **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2020/2021** (Actualización: 22 de setembro de 2020) son 3 os posibles escenarios nos que nos podemos atopar: ensino presencial, semi presencial e non presencial.

A principio de curso, realizouse unha enquisa as familias co fin de comprobar os medios electrónicos e informáticos dispoñibles e comprobar a posibilidade de seguir un proceso de aprendizaxe non presencial, de ser o caso. Unha vez obtidos os resultados, coñecemos que no noso centro hai 6 alumnos que non dispoñen dos medios necesarios para levar a cabo un ensino a distancia. Concretamente na aula de 1º e 2º hai 3 alumnos/as que non teñen medios informáticos dispoñibles e 2 delas tampouco teñen conexión a internet.

Dende o centro, co fin de garantir o dereito á educación de todo o alumnado, solicitáronse á UAC (Unidade de Atención a Centros) 6 ordenadores/tabletas e conexión a internet para 3 alumnos/as.

A previsión para o desenvolvemento da programación é a seguinte:

No caso de **ensino semipresencial**, subirase nese mesmo día o traballado na clase (explicación e actividades) á aula virtual para que o alumno o realice o día seguinte. En caso de dúbidas, poderán solicitar a través da aula virtual/correo electrónico unha titoría telefónica ou unha videoconferencia a través da plataforma Webex. No caso de non dispoñer de medios informáticos, entregaráselle o material necesario para poder

realizar as actividades que se explicarán por correo electrónico ou por vía telefónica. Para o resto do alumnado, as clases desenvolveranse no centro con normalidade.

No caso de **ensino non presencial**, desenvolverase a programación do seguinte xeito. En caso de confinamento de ata 14 días, aproveitaremos este período para repasar os contidos mínimos do nivel correspondente traballados ata o momento. Para tal fin, utilizaremos, de forma xeral, a aula virtual. Nela colgaranse as actividades que hai que realizar e material complementario necesario. Para aquel alumnado que non dispoña de medios electrónicos/internet ou acompañamento axeitado, poñerase á súa disposición un caderno de reforzo que se enviará á casa a través do servizo de GAEM do concello.

En caso de que o confinamento se prolongue durante un período superior a 14 días, será a partir do día 15 cando empezaremos a traballar co alumnado materia nova. Traballarase a través da aula virtual e en caso de ser necesario, utilizaremos a plataforma Webex para explicacións, postas en común, clases virtuais, titorías...

Para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado, o profesorado utilizará a aula virtual. En caso de percibir que hai alumnos/as que non acceden ós contidos e traballos programados, dende as titorías realizaranse chamadas telefónicas para interesarse do motivo que impide realizar ese seguimento.

Debido a idade do alumnado co que estamos a traballar é de vital importancia a colaboración coas familias, polo que a comunicación debe ser fluída. Co fin de favorecer á transición ao ensino non presencial e co obxectivo de mellorar a competencia dixital do alumnado, dedicaremos tempo na aula a:

- Acceder á aula virtual.
- Visualizar os contidos que hai nela.
- Introducción no uso do ordenador: uso do teclado, uso do rato, coñecer aplicacións que poden ser utilizadas tanto no ensino presencial como non presencial, enviar arquivos...

Así, o obxectivo nas primeiras semanas do curso, será familiarizalos con esta plataforma e enviaranse actividades que se realizarán na casa xunto coas súas familias para poder resolver as dúbidas existentes na clase, antes de que se produza un confinamento e a súa vez comprobar que todo funciona correctamente. Para poder facelo o centro daralle a cada alumno/a un nome de usuario e un contrasinal.

Finalizado o período de ensino non presencial e tras a incorporación ás aulas recordaranse as medidas de hixiene e sanitarias vixentes nese momento. Valoraranse as dificultades que se tiveron durante o período de ensino non presencial, tanto referidas a problemas tecnolóxicos como de aprendizaxe. O obxectivo será reforzar as aprendizaxes non adquiridas e solucionar problemas tecnolóxicos para que, en caso de novo confinamento, non se volvan a producir.

3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

No caso do primeiro curso de educación primaria, a principios do mes de setembro realizouse unha reunión de coordinación coa titora de Educación de infantil, co fin de coñecer ao grupo que iniciaba o curso e as características individuais de cada neno/a para así favorecer a transición do grupo entre as etapas de educación infantil e primaria.

No caso dos alumnos que están no segundo curso de educación primaria, tivéronse en conta os informes individualizados do alumnado elaborados ao final do curso 2019/2020. Así, as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior son as seguintes:

CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.

CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.

CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.

CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.

CSB2.5.1. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.

CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.

CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.

CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.

CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.

CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.

CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.

CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..

CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.

CIENCIAS NATURAIS

CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes

CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.

CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.

CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.

CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.

MATEMÁTICAS

MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.

MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.

MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.

MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.

MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.

MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.

MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.

LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.

LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba

LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...

LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...

LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...

LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.

LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.

LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.

LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.

LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.

LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.

LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.

LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.

LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...

LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.

LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.

LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.

LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...

LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.

LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.

LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.

LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.

LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas

LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.

LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

4. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas.

Tal e como se establece nas **Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, a avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar e consistirá en:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Unha vez analizados os estándares de aprendizaxe non adquiridos de cada unha das áreas e que aparecen recollidos no apartado 3 desta programación, cabe destacar que serán tidos en conta á hora de introducir os novos contidos. Así mesmo, ao estar o alumnado nun grupo mixto no que se encontran escolarizados alumnos de 1º e 2º curso, recuperar esas aprendizaxes resulta máis doado, xa que tanto os estándares adquiridos coma os que non, volveranse a traballar na aula e favorecerase deste xeito a adquisición das competencias clave.

5. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.

A continuación recóllense os estándares que conforman os perfís competenciais de cada unha das áreas incluídas nesta programación:

1º DE PRIMARIA

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA CCL CD CMCT
CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA CSC CCL
CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA

CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA
CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL CMCT CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA	
CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	CMCT CD CCL
CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima	CMCT CCL
CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.	CMCT CCL
CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.	CMCT CSC CCL
CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CMCT CD CCL
CSB2.5.1. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCT CAA
CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	CMCT CAA
CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CMCT CAA
CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CMCCT CCL
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	
CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	CMCT CSC

	CAA
CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	CMCT CSC CCL
CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	CSC
CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	CMCT CAA
CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	CCL CCEC
CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	CCL CMCT
CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCT CAA
CSB3.7.1 - Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	CSC CAA
CSB3.8.1. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC CSC CCL
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.	
CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	CSC CAA CCL
CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC CAA CCL
CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	CMCT CCL

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE****COMPETENCIAS
CLAVE**

CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.

CAA
CCL
CMCT
CSIEE
CD

CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CAA
CSC
CMCT
CSIEE

CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CAA
CMCT
CSIEE
CCL

CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CAA
CMCT
CSC
CSIEE

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

CMCT
CCL
CSC

CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CMCT CSC
CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	CMCT CSC
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CSC CCL
CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	CMCT CSC
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCT CSC
CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCT CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	
CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	CMCT CCL
CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno	CMCT CCL
CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCT
CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.	CMCT CCL

	CAA CSIEE CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA	
CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	CMCT CSC CSIEE
CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	CMCT
CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	CMCT
BLOQUE 5: TECNOLOXÍA, APARELLOS E MÁQUINAS	
CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas	CMCT CSC CCL
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCT CD CCL
CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CMCT CD

ÁREA DE MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
MTB1.1.1 - Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	CMCT CCL
MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	CMCT CAA
MTB1.3.1 - Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	CMCT CD CAA
BLOQUE 2. NÚMEROS	
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.	CMCT CCL
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT CAA
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.	CMCT CAA CCL
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.	CMCT
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.	CMCT CAA
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de	CMCT

problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CAA CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA	
MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	CMCT
MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	CMCT
MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.	CMCT
MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.	CMCT
MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.	CMCT
MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	CMCT
MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	CMCT CAA
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT CAA
MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 4. XEOMETRÍA	
MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	CMCT CAA CCL
MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	CMCT CAA CCL
MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	CMCT CAA

MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	
MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	CMCT CAA
MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.	CMCT CAA

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LCB.1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL CAA CSC
LCB.1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL CAA CSC
LCB.1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL CSC
LCB.1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos - exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
LCB.1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL

LCB.1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA
LCB.1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CCCE CCL CAA
LCB.1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas	CCL CAA CCEC
LCB.1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
LCB.1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas..	CCL CSIEE
LCB.1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba.	CCL
LCB.1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite	CCL
LCB.1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
LCB.1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL CAA CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER	
LCB.2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
LCB.2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL CAA
LCB.2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións	CCL CAA
LCB.2.4.1. Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
LCB.2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL

LCB.2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CCL CAA CD
LCB.2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR	
LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	CCL
LCB3.1.2. Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia.	CCL
LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas	CCL CAA CD
LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL CAA
LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL
LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL
LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.	CCL
LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	CCL
LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	CCL
LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL

LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL CD CAA
LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	CCL CAA
LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	CCL
LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	CCL
LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL CD CAA
LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CCEC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA	
LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas.	CCL CCEC
LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	CCL CAA CCEC CSC
LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL CCEC
LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL CAA
LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL
LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA

	CCEC
LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CAA CCEC

ÁREA DE LINGUA GALEGA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	CCL CAA
LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	CCL CAA
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	CCL CAA CSC CD
LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	CCL CAA
LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	CCL CAA CSIEE
LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.	CCL CSIEE CAA

LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	CCL CSC
LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	CCL CSC
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL CSC CAA
LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL CSC CCEC
LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	CCL CSC CCEC
LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	CCL CSC CCEC
LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	CCL CSC CCEC
LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	CCL CSC CCEC
LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL CAA
LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	CCL

	CAA CSIEE
LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega	CCL CAA CCEC CSIEE
LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	CCL CSC
LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL CSC
LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL CSC CCEC
LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER	
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	CCL CD CSC
LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL
LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	CCL CAA CSIEE

LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CMCT CAA CSIEE CSC
LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	CCL CAA
LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	CCL
LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	CCL CSC CAA
LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.	CCL CAA CSC
LGB2.5.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL CAA CSC
LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	CCL CAA CSC CCEC
LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
LGB2.7.2. Expressa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC

	CAA CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR	
LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	CCL CSIEE CAA
LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL CAA CSIEE
LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.	CCL
LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL CSC CCEC
LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	CCL CAA CSIEE
LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.	CCL CAA CSIEE
LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	CCL CAA
LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE

LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	CCL CAA CD CSIEE
LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CSC
LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	CCL CD CAA
LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	CCL CAA
LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	CCL CAA
LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	CCL CAA
GB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL CAA
LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CCL CSC CCEC
LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL CAA

LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.	CCL CAA
LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CAA
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA	
LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos	CCL CAA CCEC
LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL CCEC
LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	CCL CCEC CD
LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL CCEC CD
LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL CCEC CSC
LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC

2º DE PRIMARIA

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA CCL CD CMCCT
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA CSC
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA
CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA
CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL CMCCT CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA	
CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	CMCCT CD CCL
CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CSC
CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	CMCCT CD CAA
CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	CMCCT CSC CCL
CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.	CMCCT CCL

CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	CMCCT
CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	CMCCT CCL
CSB2.5.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	CMCCT CSC
CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	CMCCT CCL
CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	CMCCT CCL
CSB2.8.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.	CMCCT CAA CSIEE
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	
CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	CSC CCL
CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	CSC CCL
CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	CSC CCL
CSB3.4.1. Amona unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	CSC
CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	CSC CCL CCEC
CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	CSC CCL
CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	CSC CCL

CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.	CSC CAA
CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	CSC CCL CAA
CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.	
CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	CCL CMCCT
CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.	CMCCT CAA
CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	CMCCT CSC
CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	CCL CSC CMCCT
CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	CSC CCEC
CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.	CCL CSC
CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	CSC CCEC

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

COMPETENCIAS
CLAVE

CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CSC CMCCT CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE	
CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.	CMCCT CCL CSC
CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	CMCCT
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT CSC CCL
CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	CMCT CSC CAA
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CMCT CSC
CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCT
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	

CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	CMCT CCL
CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.	CMCT CCL
CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.	CMCT CCL CSC
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA	
CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.	CMCCT CSC
CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	CMCT CSC CSIEE
CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.	CMCT CAA CSIEE
CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS	
CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.	CMCT CSC
CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.	CMCT CSC
CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.	CMCT CSC
CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.	CMCT CD CCL

CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CMCT CD
--	------------

ÁREA DE MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT CCL
MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	CMCT CAA
MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	CMCT CD CAA
BLOQUE 2. NÚMEROS	
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	CMCT CCL
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT CAA
MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	CMCT CAA
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCT CAA CCL
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT
MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	CMCT

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.	CMCT CAA
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Valora a lectura como fonte de aprendizaxe e comunicación.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Mostra interese en mostrar autonomía na selección de textos da súa preferencia.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación	TODOS
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE 	Iníciase na opinión e valoración das lecturas feitas.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Escala de observación	TODOS
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA 	Iníciase na produción de textos diferentes.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
	<p>textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (questionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais). <ul style="list-style-type: none"> B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	relacionados coa escola.	as características habituais deses textos.				
<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. 			<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	Iníciase na produción de diferentes textos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS	
<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. 			<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Iníciase na escritura de signos de puntuación nos seus escritos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS	
<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 			<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Interésase pola utilización do uso das maiúsculas	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	2º	
<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia. 			<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	Iníciase na composición de diversos textos relacionados coa escola e os medios de comunicación.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS	

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE 	Iníciase na elaboración de textos sinxelos con linguaxe verbal e non verbal.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE 	Iníciase no uso do ordenador.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE 	Ilustra os seus escritos con creatividade.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. ▪ B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Interésase pola boa presentación dos textos escritos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas. INSTRUMENTO: Rúbrica	TODOS
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática	TODOS

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
			expresión creativa.			INSTRUMENTO: Escala de observación	
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA							
e	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio. B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Recoñece palabras e sílabas en textos sinxelos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumno INSTRUMENTO: Probas obxectivas, caderno de clase.	1º
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Iníciase na separación das sílabas dunha palabra.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumno INSTRUMENTO: Probas obxectivas, caderno de clase.	1º
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Diferencia entre nome común e propio.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumno INSTRUMENTO: Probas obxectivas, caderno de clase.	2º

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Diferencia xénero e número das palabras.	<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumno</p> <p>INSTRUMENTO: Probas obxectivas, caderno de clase.</p>	2º
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Iníciase na utilización de regras ortográficas básicas.	<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas.</p> <p>INSTRUMENTO: Rúbrica, caderno de clase.</p>	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Relaciona o son coa grafía.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Escala de observación.</p>	TODOS
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Iníciase na separación de palabras en pequenas frases.	<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións escritas.</p> <p>INSTRUMENTO: probas específicas, caderno de clase.</p>	TODOS

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Diferencia entre lingua oral e escrita.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico</p>	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	Fai pequenas comparacións entre diferentes linguas.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico</p>	TODOS
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	Reescribe e expón textos literarios sinxelos.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.</p>	TODOS
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Valora como fonte de placer os textos de lingua galega.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.</p>	TODOS

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD 	Le textos sinxelos en silencio.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumnado INSTRUMENTO: Rúbrica.	TODOS
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD 	Iníciase na lectura en voz alta, de forma guiada, textos adaptados a súa idade.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumnado INSTRUMENTO: Rúbrica.	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Recria e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC 	Tenta expresar os seus sentimentos por medio de relatos sinxelos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumnado INSTRUMENTO: Caderno de clase.	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Participa en pequenas dramatizacións.	PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumnado INSTRUMENTO: Rúbrica.	TODOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	Valora a literatura para comunicarse e disfrute persoal.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.	TODOS

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO			
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Avaliación	T
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. ▪ B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Amosa curiosidade polo coñecemento doutras costumes respectando a diversidade cultural.	<p>PROCEDEMENTO: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTO: Rexistro anecdótico.</p>	TODOS

7. Concrecións metodolóxicas da materia.

A metodoloxía a empregar na aula estará baseada nos seguintes principios co fin de alcanzar os obxectivos plantexados e a adquisición das competencias clave:

- Flexible: adaptándose aos alumnos e aos sucesos que se vaian producindo ao longo do curso.
- Motivación: sempre se procurará motivar aos alumnos cara calquera aprendizaxe que se pretenda realizar.
- Aprendizaxe lúdico para motivar, aínda que valorando tamén o esforzo.
- Ter en conta os coñecementos previos dos alumnos.
- Aprendizaxe significativa e funcional: procurarase sempre que sexa posible que os alumnos apliquen as aprendizaxes a aspectos reais da súa vida cotiá. Búscase que os alumnos vexan a funcionalidade das aprendizaxes realizadas na escola.
- Aprendizaxe activa: permitindo que o alumnado sexa o protagonista do seu propio aprendizaxe e respectando os diferentes ritmos presentes na aula.
- Importancia da adquisición de valores e normas
- Atención á diversidade : teranse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe e as diferentes características dos alumnos no plano cognitivo, emocional e social.
- Partirase sempre do máis próximo e coñecido polo alumno para ir avanzando cara outros coñecementos máis complexos.
- Lectura como elemento imprescindible.
- Importancia do uso das TIC de forma eficaz e responsable.

O rol do mestre é moi importante: actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto no que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

A metodoloxía específica para cada materia será a seguinte:

- CIENCIAS SOCIAIS

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. Nesta área é fundamental o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

Buscarase en todo momento partir de aprendizaxes motivadores para o alumnado e traballarase a través de proxectos.

- **CIENCIAS DA NATUREZA**

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural.

A adquisición de conceptos científicos non debe ser o único propósito da área senón que tamén debe lograr introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de explicar fenómenos cotiáns proporcionándolles as ferramentas para explorar a realidade natural de forma obxectiva, rigorosa e comprobada. Debe fomentar a curiosidade sobre fenómenos novos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmo/a, a necesidade de coidar do seu propio corpo, o pensamento crítico que non se contenta cunha actitude pasiva, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico e permitirlles pensar e desenvolver o seu pensamento de forma independente así como respectar a opinión dos e das demais e iniciarse na argumentación e no debate de ideas. Con este fin, realizaranse actividades de experimentación, debates sobre temas de actualidade, resolución de problemas concretos...

- **MATEMÁTICAS**

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada.

Os alumnos deben aprender partindo do que xa coñecen e das súas propias experiencias, por iso inclúese material manipulable co libro do alumno. A área de Matemáticas en Educación Primaria busca desenvolver no alumnado a competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos, unha alfabetización numérica e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións reais.

- **LINGUA CASTELÁ E GALEGA E LITERATURA.**

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos, dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Os contidos da área de Lingua Galega e Literatura están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contextos reais**, polo que será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado. É dicir, será fundamental dotar de funcionalidade tanto a lectura como a escritura.

8. Materiais e recursos didácticos.

Durante este curso escolar utilizaranse recursos variados. Entre eles destacamos:

- Recursos persoais: titora, especialistas, alumnado e familias.
- Espazos educativos: Aula, biblioteca de aula, patio.
- Recursos materiais:
 - Libros de texto de 1º de Educación Primaria:
 - Lingua Castelá: Primeros pasos Pauta SHContigo ML
 - Lingua Galega: Mochila Lixeira Saber Facer Contigo
 - Matemáticas: Mate+ Matemáticas para pensar
 - Libros de texto de 2º de Educación Primaria:
 - Lingua Castelá: SHContigo Mochila Ligera
 - Lingua Galega: Mochila Lixeira Saber Facer Contigo
 - Matemáticas: Mate+ Matemáticas para pensar
 - Libros, contos, xornais, revistas, folletos informativos, fichas, poemas, refráns, adiviñas, cómics, dicionarios...
 - Material didáctico manipulable: táboa do cen, rectas numéricas, números móbiles, material multibase, palillos, regletas, diverso material para o conteo, tarxetas para a asociación de número e cantidade, formas e figuras xeométricas, tangram, barallas, pesa, balanza, cintas métricas, regras, moedas, reloxos, banco de problemas, xerra medidora, letras móbiles, tarxetas de imaxes, miniaturas, encerados, bonecos articulados, lupas, esqueleto...
 - Láminas de aula, mapas, globo terráqueo...
- Recursos dixitais: ordenador, encerado dixital, proxector... Cobran especial relevancia no proceso de ensino- aprendizaxe na modalidade non presencial plataformas como a páxina web do centro, a aula virtual, Cisco Webex e aplicacións ou programas como: Genially, Kahoot, procesadores de texto...

9. Avaliación: criterios de cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave. Cando o progreso dun alumno ou dunha

alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo ou de ampliación que se adoptarán en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as necesidades.

A avaliación considérase integrada no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción das medidas de atención á diversidade

Así pois, a aprendizaxe do alumnado debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir no proceso educativo cantas modificacións sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe do alumnado non responde para o que, a priori, se espera).

Segundo se recolle no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** e na **Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de Educación Primaria**, os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de:

- Insuficiente (IN): 1, 2, 3 ou 4 (para as cualificacións negativas)
- Suficiente (SU): 5
- Ben (BE): 6
- Notable (NT): 7, 8
- Sobresaliente (SB): 9, 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

9.1. Criterios de cualificación e de promoción

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

Para a elaboración destes criterios tivéronse en conta as Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo **Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020)** e a **actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 para o curso 2020-2021.**

Deste xeito preséntanse, nunha mesma táboa, os tres escenarios posibles de avaliación que nos podemos atopar ao longo do curso escolar.

	AVALIACIÓN PRESENCIAL		AVALIACIÓN SEMIPRESENCIAL		AVALIACIÓN A DISTANCIA	
60%	Traballo diario: realización correcta e con boa presentación do caderno, actividades, tarefas...	60%	Traballo diario: realización correcta e con boa presentación do caderno, actividades, tarefas...	70%	Traballo diario: realización e entrega correcta e con boa presentación do caderno, actividades, tarefas...	
30%	Actitude e participación: esforzo, atención, autonomía, responsabilidade, iniciativa persoal, respecto ás normas e coidado do material.	30%	Actitude e participación: esforzo, atención, autonomía, responsabilidade, iniciativa persoal, respecto ás normas e coidado do material.	30%	Actitude e participación: esforzo, atención, autonomía, responsabilidade, iniciativa persoal e respecto ás normas.	
10%	Cualificacións acadadas en probas orais/escritas.	10%	Cualificacións acadadas en probas orais/escritas que se realizaron na modalidade de ensino presencial, de ser o caso.		*Nesta modalidade e en semipresencial teranse en conta os medios e o acompañamento dispoñibles en cada caso.	

A avaliación poderá ser modificada e adaptada ás instrucción que publique a Consellería de Educación.

9.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

O proceso de avaliación require duns instrumentos que permitan avaliar os estándares de aprendizaxe e as competencias básicas; estas, constitúen o perfil competencial do alumno ou alumna, onde tal e como di o **DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, “os contidos non son máis que os medios para acadar os estándares”.

Así, recóllense na seguinte táboa os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación que se utilizarán ao longo do curso, dependendo da modalidade de ensino en que nos atopemos ao longo desde curso 2020/2021:

	AVALIACIÓN PRESENCIAL	AVALIACIÓN SEMIPRESENCIAL	AVALIACIÓN A DISTANCIA
PROCEDIMENTOS	Observación sistemática, observación directa da actitude e implicación do alumno e análise das producións do alumno.	Observación sistemática, observación directa da actitude e implicación do alumno e análise das producións do alumno.	Análise das producións do alumnado orais e escritas.
INSTRUMENTOS	Escala de observación, rexistro anecdótico, caderno de clase, resolución de exercicios e probas orais e escritas, rúbricas.	Escala de observación, rexistro anecdótico, caderno de clase, resolución exercicios, probas orais e escritas.	Caderno de clase, resolución de exercicios orais e escritos.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Tal e como recolle a **Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Os indicadores de logro que se utilizarán serán os seguintes:

Indicadores de logro	Escala			
	1	2	3	4
<u>Proceso de ensino</u>				
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valórase adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<u>Práctica docente</u>	1	2	3	4
	1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?			
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4. Úsanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
5. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
6. Poténcianse a animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
7. Incorporáanse as TIC as proceso de ensino-aprendizaxe?				
8. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas/fichas?				

9. Cal é o grao de implicación entre o/a titor/a e o/a orientador/a do centro?				
--	--	--	--	--

11. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Atendendo ao establecido na orde de avaliación desta etapa, durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Deste xeito, no mes de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial co fin de valorar as aprendizaxes previas e partir do que o alumnado coñece. No deseño da mesma teranse en conta as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 19/20.

En primeiro de educación primaria realizarase:

- Unha avaliación da **competencia lingüística**: baseada na observación e referida a aspectos como o recoñecemento de grafías (maiúsculas e minúsculas), lectura de sílabas (directas, inversas e mixtas), lectura de palabras e de frases. Tamén se avalía a expresión e comprensión oral.
- Unha avaliación da **competencia matemática**: os aspectos a observar refírense a lectura de números, escritura de números, asociación número-cantidade, cálculo e resolución de problemas. Tamén se avaliarán os conceptos referidos á organización espacial (arriba-abaixo, preto-lonxe, moitos-poucos, máis-menos, diante detrás).

A avaliación inicial do alumnado do 2º curso de educación primaria, constará de:

- Unha avaliación da **competencia lingüística**: baseada nunha proba de lectura, valorando diversos aspectos como velocidade, comprensión, entoación, etc. Pedirase aos alumnos a composición libre dun texto escrito, que servirá para valorar a súa competencia lingüística na escrita, a coherencia, organización, caligrafía, ortografía, segmentación de palabras, etc. Levaranse a cabo tamén algunhas actividades como completar oracións, ordenar letras para formar palabras, etc. Rexistrarse tamén o observado nos faladoiros e noutros momentos referente á expresión e comprensión oral.
- Unha avaliación da **competencia matemática**: que englobará actividades referidas a numeración, cálculo, seriación, ordenación de números, resolución de problemas, etc.

Estas complementaranse con actividades orais, xogos lingüísticos e matemáticos que se desenvolverán na aula. O resultado desta avaliación anotarase nunha folla de rexistro, coas correspondentes observacións e xunto coa valoración e análise dos informes individuais elaborados á finalización do curso 19/20.

As conclusións acadadas na avaliación inicial serán o punto de referencia para o deseño e planificación da programación didáctica, así como para a adopción das medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. Deste xeito, tal e como se recolle na **Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado con necesidades educativas especiais**, en caso de que se detecten posibles necesidades específicas de apoio educativo, tentaremos darlles resposta ás mesmas e no caso de non ser suficiente para dar unha resposta adecuada a esas necesidades, solicitaremos a intervención do departamento de orientación a través do modelo de solicitude correspondente. Unha vez recibida a nosa solicitude, a xefatura do departamento de orientación levará a cabo a avaliación psicopedagóxica do discente, seguindo as directrices da **Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con NEE**, en base á que se fundamentarán as correspondentes propostas e decisións.

12. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

O **Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na nosa comunidade**, define as medidas de atención á diversidade como aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

As primeiras semanas de clase, as actividades lectivas enfocaranse cara a realización da avaliación inicial para detectar necesidades educativas do grupo e de cada alumno/a e para axustar a programación de aula ao grupo-clase, unha vez coñecida a realidade do alumnado.

Tendo isto en conta, atenderanse as necesidades de cada alumno, promovendo a súa máxima participación e promovendo o máximo desenvolvemento. Teranse en conta os seus ritmos de aprendizaxe e traballo adaptando tempos de acordo as súas características, simplificar ou aumentar a complexidade das tarefas, reducir ou aumentar a súa cantidade, así como remarcar ou resaltar aquilo máis importante.

Cando se detecten dificultades que determinen que o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de Reforzo Educativo, en calquera momento do curso, contando co asesoramento do Departamento de Orientación. Ademais, contando co profesorado con dispoñibilidade horaria organizaranse apoios/desdobles que permitirán unha maior individualización da ensinanza e a redución da ratio profesor/a- alumno/a. Estes apoios/ desdobres realizaranse nas áreas instrumentais co fin de favorecer a adquisición das competencias clave. Por outra banda, na aula haberá actividades de reforzo para aqueles nenos que presenten dificultades de comprensión, produción e adquisición dos contidos, como

outras de ampliación para aqueles que precisen seguir avanzando debido a que o ritmo de aprendizaxe é superior aos contido mínimos esixibles do currículo.

Debemos destacar que na aula contamos cun alumno que precisa intervención co AL debido a que presenta dificultades na articulación no r. Unha alumna procedente de Uruguai que estivo escolarizada por primeira vez o ano pasado e presenta desfase curricular nas áreas instrumentais. Ademais, na aula contamos con un neno que están valorando un posible TEA.

No caso de ensino non presencial, proporanse tarefas acorde ao nivel de cada alumno e realizarase un seguimento por parte do DO.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Tal e como establece a orde pola que se aproba o calendario escolar, durante este curso celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

As actividades complementarias propostas para todo o centro son:

- Celebración do Samaín
- Celebración do Magosto
- Celebración do Nadal

- Celebración do Entroido
- Fin de curso.

Debido a situación provocada pola COVID-19, durante este curso escolar non se realizarán actividades extraescolares.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

A medida que se vaia desenvolvendo a presente programación será preciso facer unha avaliación da mesma e da miña práctica docente. Como mínimo esa revisión será trimestral e cos resultados da mesma faranse as propostas de mellora necesarias para adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula. Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

Mecanismo avaliación e modificación da Programación Didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Deseñáronse unidades didácticas a partir dos elementos do currículo?				
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/proxectos?				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6. Os materiais e técnicas utilizadas foron os adecuados para o desenvolvemento das distintas actividades.				
OBSERVACIÓNS				

PROPOSTAS DE MELLORA
